

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE BRIÓN DO DÍA 9 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Brión, situado no lugar da Bastida s/n, Ferrol, sendo as 17:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Brión cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	9	Nº de homes:	4
		Nº de mulleres:	5

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Brión tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Jaime López Picallo
En representación de entidades	José Oreona Pita (AVV de Brión)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Jaime López Picallo
José Oreona Pita

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Iniciase un debate sobre a situación da participación cidadá no Concello da que se derivan as seguintes conclusións:

- Falta de participación nos temas da parroquia . A xente non quere implicarse.
- Que o Concello demostre que realmente lle interesa a participación cidadá.
- Non se cumpren as promesas dos anteriores procesos.
- Existe unha sensación de engano entorno á participación cidadá. Xa houbo nos últimos 30 anos tres regulamentos de participación cidadá do Concello.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Brión e que a modo de resumo son os seguintes:

- Revisión do catastro da zona e da microtoponimia.
- Resolución da reclamación histórica de devolución dos montes do Cha aos veciños e veciñas.
- Deficiencias no transporte público, so hai un servizo por semana. Xa se reclamou esta situación e non se da resposta.
- Xestión e promoción por parte do Concello dun servizo de bus ao Castelo de San Felipe para os turistas. (Bus turístico promocional).
- Recuperación do patrimonio arqueolóxico da zona (mamoas). Se non se recupera e difunde rematará esquecido.
- Que se fagan xestións para que a Biblioteca municipal dispoña dun exemplar da guía editada pola Xunta sobre paisaxe e boas prácticas en praias e dunas. Pois fala das praias de Ferrol e so existe un exemplar nas Bibliotecas da Coruña e outro nas de Santiago
- Beirarrúas na estrada Brión-Valón.
- Saneamento na Regueira.
- Traída de augas en Liñares, Espiño e Martín.
- Aglomerado da estrada Brión-San Cristóbal.
- Reparación do lavadoiro e fonte da Paloma.
- Reparación do ximnasio do local da cooperativa.
- Limpeza, pintado xeral e das liñas da pista polideportiva.
- Problemas cos xabarís.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 19:00 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro